

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO: 2021 - 2022

NIVEIS

1º - 2º - 3º - 4º - 5º - 6º

EDUCACIÓN PRIMARIA

MESTRES ESPECIALISTAS NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA:

**M^a CONSOLACIÓN BERDOMÁS PÉREZ
IGNACIO LÓPEZ PRESEDO**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.....	5
4. COMPETENCIAS CLAVE	6
5. CONTIDOS.....	7
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	8
7. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	9
8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	9
9. ACTIVIDADES DE ENSINO APRENDIZAXE	10
10. TEMPORALIZACIÓN	11
11. TRANSVERSALIDADE E EDUCACIÓN EN VALORES.....	11
12. INTERDISCIPLINARIDADE	12
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	13
14. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO	15
15. AVALIACIÓN	15
16. PROXECTO LECTOR	18
17. PLAN TIC.....	18
18. PLAN DE CONVIVENCIA.....	18
19. PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	18
20. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	19
21. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	19
22. ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA O CURSO 2021/2022	19
ANEXOS:	
UNIDADES DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN FÍSICA 1º EDUCACIÓN PRIMARIA.....	22
UNIDADES DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN FÍSICA 2º EDUCACIÓN PRIMARIA.....	37
UNIDADES DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN FÍSICA 3º EDUCACIÓN PRIMARIA.....	53
UNIDADES DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN FÍSICA 4º EDUCACIÓN PRIMARIA.....	70
UNIDADES DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN FÍSICA 5º EDUCACIÓN PRIMARIA.....	90
UNIDADES DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN FÍSICA 6º EDUCACIÓN PRIMARIA.....	110
TÁBOAS DE REXISTRO DA TEMPORALIZACIÓN DE SESIÓNS DAS UD'S	132

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA EDUCACIÓN FÍSICA – Curso 2021/2022

1. INTRODUCCIÓN:

Coa actual situación epidemiolóxica, sanitario e de saúde pública provocada pola pandemia da COVID-19 no que nos atopámonos vémonos na obriga de realizar determinadas adaptacións na programación da área, adaptando obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación, criterios de cualificación, metodoloxía, recursos, medios de comunicación,..., en definitiva, realizando unha modificación e adaptación dos aspectos curriculares da mesma conforme ao “Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”, aprobado no Comité Clínico do 6 de xullo de 2021 para dar resposta ás medidas e particularidades establecidas na Orde Comunicada da Ministra de Sanidade, de 4 de xuño de 2021.

A actual situación da pandemia da COVID-19 fai que á área de Educación Física sexa unha das áreas máis afectadas a nivel curricular, posto que as medidas de prevención da enfermidade condicionan o desenvolvemento da mesma e fai que a propia Programación Didáctica teña un carácter flexible e cambiante, a expensas da evolución da situación sanitaria que se vaia producindo en cada momento ao longo do curso e as diferentes posibilidades de posta en práctica dos contidos curriculares.

A presente Programación Didáctica elaborouse tendo como referencia o Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, aprobado no Comité Clínico do 6 de xullo de 2021 para dar resposta ás medidas e particularidades establecidas na Orde Comunicada da Ministra de Sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa Conferencia Sectorial de Educación, a declaración de actuacións coordinadas en Saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022 e que entraron en vigor unha vez rematado o curso escolar 2020-2021, (versión 06/07/2021, publicada o 09/07/2021).

Así como a ordenación curricular establecida mediante a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tendo en conta a ORDE do 23 de xullo de 2014, pola que se regulaba a implantación, dende o curso 2014/2015, dos cursos primeiro, terceiro e quinto de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e dende o curso 2015/2016, de segundo, cuarto e sexto, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa e o DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa LOMCE o currículo pasa a ser definido como “a regulación dos elementos que determinan o procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas” e está integrado por:

- Obxectivos de etapa.
- Competencias ou capacidades.
- Contidos ou conxunto de coñecementos.
- Metodoloxía didáctica.

- Criterios de avaliación.
- Estándares e resultados de aprendizaxe.

A nova configuración curricular tamén establece un agrupamento de disciplinas en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica, constituíndo a área de Educación Física unha das disciplinas específicas.

Tal e como se contempla no currículo, a área de Educación Física terá como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como o conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no medio e cos demais para lograr unha acción eficaz. As competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa, “un saber facer”.

2. CONTEXTUALIZACIÓN:

O C.E.I.P. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao atópase no Concello de Ordes.

O centro está situado na zona leste do casco urbano, nunha das zonas máis altas da vila, xunto ao I.E.S. Ordes (antes I.E.S N^o1) e preto da estrada de circunvalación con acceso á estrada da Coruña, de Santiago de Compostela, de Lugo e á AP-9.

O centro escolariza a alumnos e alumnas do núcleo urbano da vila de Ordes e tamén a unha gran parte de alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do concello de Ordes.

O alumnado pertence na súa maioría a familias de nivel socio-económico de clase media con predominio de profesións como: obreiros, empregad@s comerciais, empregad@s da confección, agricultores/as, gandeir@s e, en menor medida, profesionais autónomos, funcionari@s,...

No presente curso 2021/2022 o número total de alumn@s da etapa de Educación Primaria é de 364.

O centro escolar conta coas seguintes unidades e distribución de alumnado de Educación Primaria:

COMPOSICIÓN 2021/2022					ALUMN@S
UNIDADES DE EDUCACIÓN PRIMARIA	17				364 ALUMN@S
	Grupos	A	B	C	
<i>1º E.P.</i>	2	25	24	--	49 alumn@s
<i>2º E.P.</i>	3	20	21	20	61 alumn@s
<i>3º E.P.</i>	3	18	18	18	54 alumn@s
<i>4º E.P.</i>	3	22	21	20	63 alumn@s
<i>5º E.P.</i>	3	25	25	25	75 alumn@s
<i>6º E.P.</i>	3	21	21	20	62 alumn@s

No centro hai dous mestres definitivos especialistas en Educación Física que se reparten a docencia na área e os respectivos apoios nas 17 unidades de Educación Primaria.

3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os obxectivos xerais defínense como: “os referentes aos logros que o alumnado debe alcanzar ao remate do proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin” (artigo 4.3.a do Decreto 105/2014).

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan (15):

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Para a elaboración das programacións didácticas de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Física na etapa de Educación Primaria tívose en conta a nomenclatura abreviada dos diferentes obxectivos de educación primaria, tal como aparece no propio currículo.

4. COMPETENCIAS CLAVE.

O **Decreto 105/2014** no seu artigo 4.3.b recolle que as **competencias clave** son “*as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada área e etapa, con fin de lograr a realización idónea de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos*”.

As competencias clave que establece o currículo son:

“As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.”

1. **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).**
2. **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT).**
3. **COMPETENCIA DIXITAL (CD).**
4. **APRENDER A APRENDER (CAA).**
5. **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC).**
6. **SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).**
7. **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC).**

A competencia motriz, a pesar de que non está recollida no currículo como unha das competencias clave, si se considera fundamental para o desenvolvemento destas.

Na educación primaria a través da área de Educación Física o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolverá as súas capacidades motrices.

O enfoque competencial estará presente en todo momento na área.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir:

- A comprensión do seu corpo e as súas posibilidades.
- O desenvolvemento das habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos.
- A relación cos demais.
- O respecto e a atención especial á igualdade de xénero.
- A colaboración e o traballo en equipo.
- O xogo limpo.
- A resolución de conflitos.
- O recoñecemento do esforzo para lograr metas.
- A aceptación de regras establecidas.
- O desenvolvemento da iniciativa individual.

Para a elaboración das programacións didácticas de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Física na etapa

de Educación Primaria tívose en conta a nomenclatura abreviada das diferentes competencias clave, tal como aparece no propio currículo.

5. CONTIDOS:

Partindo do **artigo 4.3c** do **Decreto 105/2014** os contidos defínense “o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e a adquisición de competencias”.

Os contidos son os medios para acadalos criterios de avaliación, a partir dos cales se constrúen as concrecións curriculares dos distintos bloques das áreas.

Os contidos na área de Educación Física están distribuídos en seis grandes bloques:

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA de natureza transversal, trabállanse ao longo de todo o curso en combinación con contidos do resto dos bloques. Abarca aspectos actitudinais, como valoración de si mesmo/a e respecto aos compañeiros/as e ás normas, adopción de hábitos responsables en relación a educación vial, uso das TIC...

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN. Céntrase no traballo das capacidades perceptivo-motrices, así como as resultantes, coordinación e equilibrio.

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES. Recóllense contidos relacionados coas capacidades físicas e habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos e recepcións). Incídese tamén no traballo no medio natural.

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS. Baséase na expresión e comunicación co corpo usando o xesto e o movemento en todas as súas formas. Engloba ritmo, bailes, danzas, representacións, dramatizacións...

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE. engloba contidos relacionados coa mellora da saúde e a calidade de vida e tamén medidas de seguridade e prevención de accidentes.

BLOQUE 6. OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS. relacionado co xogo e con actividades de iniciación deportiva. Trabállanse xogos de cooperación, oposición, deportes adaptados e alternativos, xogos populares galegos, orientación na natureza...

Os contidos abordaranse dun xeito enlazado, tendo en conta a configuración cíclica do ensino na área, construíndo uns contidos sobre outros.

*** A situación epidemiolóxica que estamos a vivir dende o 13 de marzo de 2020 fixo que o desenvolvemento dos contidos do Bloque 6: “Os xogos e as actividades deportivas”, se viran moi afectados polo feito de ter que renunciar á realización de actividades relacionadas cos mesmos debido ás normas e restricións existentes ata o final do curso pasado, que impedían a utilización de materiais de uso compartido e reducían o número de integrantes dos grupos de convivencia. Agora, coa situación actual este Bloque 6 de contidos recobra parte do protagonismo perdido e a súa importancia fai que neste curso 2021/2022 se lle preste unha especial atención, polo que os contidos referentes ao xogo terán un papel fundamental nas diferentes sesións.**

Tanto os contidos do Bloque 1 como o Bloque 5 pola súa natureza transversal traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques da área, de forma conxunta a través das diferentes sesións, independentemente de que o énfase das tarefas recaia sobre uns ou outros contidos, xa que a natureza da área de Educación Física fai que a intradisciplinaridade estea presente en todo o proceso de ensino aprendizaxe e que polo tanto os contidos dos diferentes bloques se traballen relacionados entre si e nunca de forma separada pa bloque de contidos.

Os contidos na presente programación didáctica clasificarémolos en tres tipos:

- ⇒ Contidos conceptuais: son o conxunto de coñecementos de carácter teórico.
- ⇒ Contidos procedementais: son as habilidades e as destrezas que se poñen en práctica.
- ⇒ Contidos actitudinais: que fan referencia aos contidos do Bloque 1.

Dependendo do nivel, o énfase de cada un dos tipos de contidos indicados anteriormente será diferente, así, en primeiro e segundo os contidos fundamentados na práctica motriz e nas actitudes terán maior importancia e será a partir de terceiro cando os contidos teórico-conceptuais gañen en presenza dentro da programación, incrementándose progresivamente a súa importancia ata sexto.

Para a elaboración das programacións didácticas de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Física na etapa de Educación Primaria tívose en conta a nomenclatura abreviada dos diferentes contidos, tal como aparece no propio currículo.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios de avaliación son o *“referente específico para avaliar o aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina”* (artigo 4.3.d do **Decreto 105/2014**). Estes teñen **dobre función**: indican o que se debe traballar e son o referente para **avaliar** as aprendizaxes.

Os criterios de avaliación son o eixe vertebrador a partir do cal se constrúen as concrecións curriculares para os distintos bloques de disciplinas do currículo.

Tanto en coñecementos coma en competencias os criterios de avaliación responden ao que se pretende conseguir en cada unha das áreas.

Os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada área e os contidos constitúen os medios para acadalos.

No currículo concrétanse os criterios de avaliación de cada un dos cursos e contéplase a relación cos respectivos obxectivos de etapa, contidos, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Para a elaboración das programacións didácticas de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Física na etapa de Educación Primaria tívose en conta a nomenclatura abreviada dos diferentes criterios de avaliación, tal como aparece no propio currículo.

7. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Directamente relacionado co apartado anterior, e citando o artigo 4.3.e do Decreto 105/2014, os estándares son “*especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina*”. Son observables, medibles e permitirán graduar o rendemento.

Os estándares de aprendizaxe dependen directamente dos criterios de avaliación, pois veñen a ser as concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave.

Para a elaboración das programacións didácticas de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Física na etapa de Educación Primaria tívose en conta a nomenclatura abreviada dos diferentes estándares de aprendizaxe, tal como aparece no propio currículo.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

No artigo 4.3.f do Decreto 105/2014 defínese como o “conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos establecidos”.

A Educación Física é unha área curricular cun marcado compoñente motor. A maior parte dos contidos propostos teñen un carácter marcadamente actitudinal e procedimental, o que facilita a creación, no alumnado, dun sistema de valores e dunha personalidade, que debe contribuír ao seu desenvolvemento na sociedade actual.

*** Debido á situación sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19 dende marzo de 2020 e ao longo de todo o curso pasado (2020/2021) na área de Educación Física a metodoloxía con carácter eminentemente global e lúdico, a través de formas xogadas, onde o xogo é o medio principal para a maioría das aprendizaxes, non foi posible. As medidas de seguridade ás que nós vimos obrigad@s a cumprir: distancia de seguridade, traballo individual, non contacto físico, non utilización de materiais de uso compartido,..., fixo que estilos de ensinanza como o descubrimento guiado e a resolución de problemas, perderan protagonismo, tendo que dar paso a estilos de ensino máis directivos e analíticos.**

Agora, tras a relaxación de parte das medidas restritivas, retomaremos progresivamente esta metodoloxía global e lúdica á que tivemos que renunciar dende o comezo da pandemia.

En relación a estrutura das sesións, dicir que seguiremos o modelo de sesión proposto por Santos Berrocal, o cal divide a sesión en 5 partes:

- 1ª. Fase de información inicial.(Pasándose a realizar na propia aula durante este curso).
- 2ª. Fase de animación ou quecemento
- 3ª. Fase principal ou logro de obxectivos.
- 4ª. Fase de volta á calma.
- 5ª. Fase de aseo e regreso a aula onde se realizará a análise de resultados.

*** O tempo efectivo de duración das sesión de Educación Física vese na situación actual da pandemia reducido debido ao cumprimento das medidas sanitarias preventivas do plan de adaptación da COVID-19 (hixienización de mans e materiais, limitación de aforo en vestiarios...).**

Os contidos de carácter teórico-conceptuais terán unha especial tratamento dentro da área de Educación Física, sen que isto supoña unha perda da importancia da práctica motriz dentro da área. A necesidade de tratar os contidos teórico-conceptuais resulta fundamental para a formación e a autonomía dos nosos alumn@s.

Existen coñecementos teórico-conceptuais que deben ser adquiridos pola totalidade do alumnado de Educación Primaria, pola súa transcendencia para a saúde, a calidade de vida e a propia autonomía, sen que supoña un detrimento relevante do tempo adicado á práctica motriz, senon como complemento imprescindible da mesma. Así, estes contidos serán tratados dos seguintes xeitos:

- ❖ Nas sesións de práctica motriz: durante as partes de explicación inicial, nos períodos de descanso e nas de volta á calma.
- ❖ Nas sesións de práctica motriz: durante os intervalos de tempo establecidos como períodos de recuperación física de tarefas ou exercicios motrices.
- ❖ Nas sesións de práctica motriz: durante a parte principal da sesión como contidos integrados cos contidos procedementais, como complemento destes.
- ❖ A realización de sesións de carácter conceptual, aínda que en menor medida que as de contidos procedementais, tamén terán presenza dentro da área de Educación Física, así, contemplese a realización de sesións tanto na propia aula como na biblioteca ou mesmo na sala de informática do centro. Nestas sesións desenvolveranse contidos fundamentalmente teórico-conceptuais e nelas prestarase especial énfase as accións de contribución da área de Educación Física ao proxecto lector e ao plan TIC, xa que traballarase contidos a través da lectura e a utilización de medios tecnolóxicos, da información e da comunicación.

9. ACTIVIDADES DE ENSINO APRENDIZAXE:

Nas actividades da área de Educación Física o xogo estará presente como recurso máis importante das situacións de aprendizaxe e como ferramenta didáctica polo seu carácter motivador.

As actividades terán como finalidade mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nas diferentes unidades didácticas da presente programación contémplanse as actividades tipo, que veñen a ser descrições de actividades xerais de desenvolvemento dun determinado contido e que logo dan lugar a actividades ou tarefas máis concretas e específicas que se irán realizando ao longo das diferentes sesións.

A través das actividades tipo de cada unidade didáctica obtemos a información xeral e suficiente do tipo de traballo que se vai realizar en cada unha delas, sen necesidade de concretar cada unha das actividades previstas.

Ademais, o feito de programar en base a actividades tipo e non sobre actividades concretas favorece a metodoloxía activa e contextualizada, ao tempo que permite a adaptación continua do proceso mediante a inmediata actuación a través da introdución de variantes e modificacións das mesmas.

10. TEMPORALIZACIÓN:

A temporalización das programacións didácticas dos cursos de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria foi realizada en base a o número de sesións de cada bloque temático ou de cada unidade didáctica, sen ter presentes as datas concretas de realización da cada unha das sesións.

Esta temporalización parte de que cada unidade didáctica componse dunha serie de sesións que serán traballadas ao longo das diferentes semanas do curso escolar distribuídas de 2 en 2, polo que se pretende que cada semana se traballen contidos dun bloque ou unidade diferente á anterior e á posterior, co obxectivo de lograr unha maior motivación por parte do alumnado cara os contidos a desenvolver e, ao mesmo tempo, garantir que eses contidos sexan reforzados ao longo de diferentes momentos do curso escolar, polo que todas as sesións se irán completando de forma rotativa ao longo do mesmo.

Esta forma de temporalización permítenos adaptarnos mellor á dispoñibilidade de instalacións e recursos materiais do centro, así como ás situacións imprevistas, en determinadas datas, de impedimento de realización das sesións, tal como ten acontecido en cursos pasados por motivos diversos: humidade e condensación nos pavimentos do pavillón polideportivo e do ximnasio; imposibilidade de acceder ás instalación debido a alertas meteorolóxicas de prohibición de saída ao exterior; realización de actividades complementarias nas instalacións; saídas didácticas;...

O número total de sesións que se contemplan nas programacións didácticas da área para cada un dos cursos oscila entre 66 e 70, tendo en conta o número total de sesións previstas para o curso en base ao análise do calendario escolar, **ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/ 2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Para o control da temporalización utilizarase unha folia de anotacións de sesións de bloques temáticos ou unidades didácticas, co obxectivo de cumprir co nº total de sesións previstas para cada un deles.

11. TRANSVERSALIDADE E EDUCACIÓN EN VALORES:

O **Decreto 105/2014**, no seu **artigo 11** cita **elementos transversais** comúns a todas as áreas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, polo que haberá unha serie de contidos transversais que se fai necesario abordar dende todas as áreas.

Estes contidos transversais, que xa dende sempre se incluíron nas programacións didácticas da área de Educación Física, agora aparecen recollidos no currículo como un dos bloques de contidos da propia área, en concreto constituíndo o Bloque 1: “Contidos comúns”.

Ademais dos contidos recollidos dentro do Bloque 1, consideramos que tamén se lle debe dar importancia a outros contidos que igualmente están presentes no día a día d@s nos@s alumn@s e que impregnan as súas vidas e experiencias.

Polo tanto, nas sesións da área de Educación Física os contidos transversais, que fundamentalmente constitúen contidos de tipo actitudinal, estarán presentes na totalidade das actividades e tarefas.

Entre outros, farase fincapé en contidos relacionados sobre todo con:

- **Educación para o consumidor:** é importante desmitificar a carga consumista da sociedade actual, dotando @s alumn@s de instrumentos de análise e crítica propios. Neste aspecto xogan un papel importante as actividades con material de refugallo.
- **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:** faise necesario coidar a linguaxe, as actitudes e representacións que poidan levar certa carga de discriminación sexista. Fomentar a coeducación, promovendo grupos mixtos.
- **Educación para a paz:** a área de Educación Física é unha área privilexiada para aprender actitudes básicas para a convivencia, respecto, diálogo, solidariedade e participación. Importante as actividades e xogos de solución de conflitos.
- **Educación ambiental:** as actividades físicas realizadas no medio natural deben axudar a desenvolver actitudes de coidado e protección do entorno.
- **Educación para a saúde:** ademais de poder ser tratado como un tema transversal é un dos bloques de contidos da Educación Física na Primaria. A saúde será un dos grandes obxectivos de área, pois @ alumn@ terá que finalizar a etapa adquirindo un sentido da utilidade e necesidade da mesma, para unha vida máis san e de calidade.
- **Educación viaria:** fomentará hábitos encamiñados á creación do sentido viario, relacionados coa noción espacial e temporal. Actividades e xogos de simulación viaria.
- **Educación moral e cívica:** centrada nas actitudes de autoestima e de respecto, baseadas no coñecemento e aceptación das posibilidades e limitacións corporais e de movemento tanto propias como dos demais.

12.INTERDISCIPLINARIDADE:

A área de Educación Física non debe de estar á marxe das demais áreas do currículo, polo que os contidos da mesma relacionaranse con contidos das outras áreas.

A programación de algúns contidos realizarase abordándoos dende diferentes áreas, de forma integradora, progresiva e complementaria.

Resulta necesario mencionar a relación significativa e importante entre a área de Educación Física e a de Educación Artística, pois os contidos de ambas están moi relacionados. Na área de Educación Física, en concreto o Bloque 4, “Actividades físicas artístico expresivas” ofrece unha serie de contidos que se atopan en relación directa co ámbito da dramatización da área de Educación Artística, e máis

concretamente cos contidos de, “A linguaxe corporal”. O tratamento das posibilidades e recursos expresivos do corpo afecta a ámbalas dúas áreas, e tanto unha coma outra préstase a atención do desenvolvemento das habilidades xestuais e motrices tendentes a expresión, a representación e a comunicación.

A continuación expoñemos unha serie de contidos relacionados coas demais áreas:

✓ **Matemáticas:** puntos e sistemas de referencia no espazo (distancias, traxectorias, desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos...); representación elemental do espazo (planos, mapas e maquetas...), orientación,...

✓ **Ciencias da natureza:** aspectos básicos das funcións de relación (sensacións e movementos), nutrición (circulación, respiración,...). Identificación e localización dos principais órganos e aparatos; utilización de técnicas de orientación espacial,...

✓ **Ciencias sociais:** dramatización e simulación da cooperación e de conflitos entre grupos sociais e culturais...

✓ **Lingua castelá e literatura:** vocabulario e terminoloxía específica da área, sistemas e elementos de comunicación non verbal (imaxe, son, xesto e movemento corporal)...

✓ **Lingua galega e literatura:** vocabulario e terminoloxía específica da área sistemas e elementos de comunicación non verbal (imaxe, son, xesto e movemento corporal)...

✓ **Primeira lingua estranxeira (lingua inglesa):** vocabulario e terminoloxía específica da área.

A área de Educación Física non debe de estar á marxe das demais áreas do currículo, polo que os contidos da mesma deben de relacionarse con contidos das outras áreas.

A programación de algúns contidos realizarase abordándoos dende diferentes áreas, de forma integradora, progresiva e complementaria.

13.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Para contextualizalo legalmente é conveniente mencionar o **artigo 71.2** da **LOMCE**, así como o **artigo 16** do **Decreto 105/2014** que definen alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)** como *“aquele que require unha atención educativa diferente á común por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar”*.

Á súa vez, no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, incídese especialmente en dúas accións encamiñadas á atención á diversidade: a **detección temperá** de dificultades específicas de aprendizaxe e a posta en práctica de **medidas** para compensar as dificultades detectadas.

Para que o alumnado poda alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos de etapa e as competencias clave, establécense **medidas curriculares e organizativas** que aseguren ese desenvolvemento. Para iso terase en conta a **Orde do 6 de outubro de 1995** que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais é moi importante partir dos principios de **normalización** e **inclusión** para promover a participación de todo o alumnado, independentemente das súas capacidades e limitacións.

Atenderase a diversidade como principio fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe intentando axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades e facilitando recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan @s alumn@s.

➤ **FORMULARIO DE NOTIFICACIÓN DE PROBLEMAS DE SAÚDE DO ALUMNADO:**

Coa finalidade de detectar novas necesidades e de dispor da información necesaria con respecto ás características de saúde particulares de cada alumn@ a ter presente no desenvolvemento das sesións de Educación Física, ao inicio do curso académico entregaráselle ao alumnado o formulario de notificación de problemas de saúde o cal debe de ser cuberto polas familias e entregado ao mestre/a correspondente para informar ao profesorado da área en relación ás posibles consideracións e adaptacións específicas a ter en conta en cada caso.

Nos cursos de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria do noso centro non hai alumn@s que contan cunha adaptación curricular individualizada significativa, sen embargo si hai varios alumn@s que presentan certas características, fundamentalmente problemas de saúde, que é necesario ter en conta á hora de programar e desenvolver as diferentes sesións, realizando as oportunas adaptacións non significativas.

As características concretas que necesitan especial atención son:

- Vari@s alumn@s diagnosticad@s con problemas respiratorios (alerxias, asma,...)
- Vari@s alumn@s diagnosticad@s con déficit atencional.
- Vari@s alumn@s diagnosticad@s con problemas na articulación coxofemoral.
- Vari@s alumn@s diagnosticad@s con problemas visuais (miopía, estrabismo...) que necesitan facer uso de lentes correctoras.
- Varios alumn@ diagnosticad@s con diabetes.

En todos estes casos e noutros dos cales o profesorado da área teña constancia, teranse en conta as posibles medidas de adaptación e atención, coa finalidade de salvagardar o estado de saúde do alumnado.

✓ **SITUACIÓNS TEMPORAIS DE INDISPOSICIÓN:**

Ante posibles casos de indisposición temporal (lesións, enfermidades, alerxias,...) de alumn@s nas sesións de Educación Física, no pavillón e/ou no ximnasio ao longo do curso, que lles impidan realizar con normalidade o desenvolvemento das tarefas, e sempre e cando, polo menos inicialmente, non vaia supoñer unha duración excesivamente prolongada, as adaptacións na área consistirán en que os contidos procedementais traballados nas sesións polo resto do grupo-aula pasarán a ser contidos de carácter conceptual para o alumn@ indispost@, polo que estarán presentes nas sesións e recollerán por escrito a relación de tarefas realizadas e as informacións aportadas durante o desenvolvemento das mesmas, cando se trate de alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Nos casos de alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria os alumn@s indispost@s realizarán a observación das tarefas da sesión e terán que dar resposta de forma oral ás cuestións que o mestre/a lles vai plantexando.

✓ **CASOS EXCEPCIONAIS:**

En situacións de casos excepcionais nos que a duración da indisposición do alumn@ ou as características do motivo que xustifica o impedimento de poder realizar as sesións con normalidade o aconselle, valorarase polo equipo docente a posibilidade de que o alumn@ quede na aula acompañad@ polo mestre/a titor/a en lugar de estar presente na sesión co resto do grupo-aula no pavillón ou no ximnasio,

dedicando este tempo a elaboración dun traballo complementario sobre os contidos da área que se correspondan coa da programación.

14. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO:

Como actividades de recuperación contemplase que cada 4-5 semanas se realice unha semana con 2 sesións repaso e reforzo, por estacións, que ademais de servir de reforzo de contidos traballados en datas anteriores poida ser aproveitado para realizar actividades de recuperación con aqueles alumn@s que presenten dificultades na adquisición de aprendizaxes concretas.

15. AVALIACIÓN:

As leis referidas á avaliación en Galicia son a **Orde 9 de xuño de 2016**, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado na nosa comunidade, a **Orde do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato e o **Decreto 105/2014**, que nos seus **artigos 12, 13 e 14** alude á mesma. Ambas establecen que a avaliación será **continua e global**, e que se terá en conta o **proceso en todas as áreas**.

A avaliación enténdese como a valoración dos resultados do proceso de ensino-aprendizaxe.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos son os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos do decreto polo que se establece o currículo (DECRETO 105/2014, do 4 de setembro).

Esta información será referida ao alumnado, ao propio docente, cuestionándose aspectos da programación ou do proceso de ensino-aprendizaxe que puidesen fallar. Así, o obxecto da avaliación educativa esténdese dende a valoración do nivel de aprendizaxe do alumnado, ata a análise global de todos os compoñentes do modelo educativo de que se trate (obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis, metodoloxía didáctica, materiais e recursos, actuación do docente, ata a avaliación do propio sistema de avaliación).

➤ QUE AVALIAR?

Ademais dos aspectos específicos de cada UD, valoraranse aspectos de actitude d@ alumn@ (convivencia, coidado do material, compañeirismo, orde e atención en clase,...), e aspectos relacionados coa saúde e hixiene, considerados moi importantes para a educación e socialización d@s nen@s.

Os contidos a avaliar serán de 3 tipos: **conceptuais** (contidos conceptuais), **procedementais** (habilidades e destrezas motoras, eficiencia motora) e **actitudinais** (actitudes, participación, colaboración, esforzo, integración, respecto,...). A porcentaxe numérica do valor que se lle atribúa a cada tipo de contido será diferente en cada un dos niveis, tal como se reflexa na táboa que se amosa posteriormente.

➤ A QUEN AVALIAR?

- Ao alumn@ (coñecementos, actitudes, habilidades, destrezas, etc.).
- Ao mestre/a (características, aptitudes, comportamentos, etc.).
- Ao proceso (programación didáctica e o seu desenvolvemento).

➤ **CANDO AVALIAR?**

A avaliación realizarase antes, durante e despois do proceso de ensinanza-aprendizaxe: avaliación inicial ou diagnóstica, continua ou formativa e sumativa ou final.

➤ **COMO AVALIAR?**

A avaliación realizarase a través de:

- Observación sistemática: rexistraremos o que sucede nas sesións, o progreso día a día. Este rexistro será continuo e sistemático. Para iso empregaranse diferentes técnicas: escalas de observación (cada UD inclúe unha escala que se aplicará durante as sesións) e rexistros anecdóticos (refléctense aqueles acontecementos significativos para a avaliación, así como incidencias da sesión que nos poidan servir como autoavaliación).
- Probas cuantitativas: de forma eventual, poderanse aplicar tests, baterías ou escalas que permitan avaliar o estado do alumno respecto a unha norma, compañeiros, ou consigo mesmo.
- **Probas teóricas: realizaranse probas teóricas de dominio de contidos conceptuais e tamén se terán en conta traballos de investigación e busca de información individual.**

⇒ **ADAPTACIÓNS DA AVALIACIÓN ANTE SITUACIÓNS TEMPORAIS DE INDISPOSICIÓ:**

Ante os posibles casos de indisposición temporal citados anteriormente, a avaliación dos alumn@s afectad@s realizarase de forma alternativa a partir de probas teóricas e/ou traballos conceptuais nos que se plasme a consecución dos obxectivos.

Polo tanto os obxectivos de carácter procedimental cederán o seu protagonismo en favor dos conceptuais e as porcentaxes establecidas para a avaliación serán modificadas e adaptadas en cada caso.

A continuación especificanse as porcentaxes para as cualificacións do alumnado na área de Educación Física en cada un dos niveis de Educación Primaria:

	PROCEDEMENTOS	CONCEPTOS	ACTITUDES, VALORES E NORMAS
1º E. P.	-Realización, dominio e resolución de tarefas e actividades.	-Comprensión e asimilación de contidos. -Participación, realización e execución de tarefas, actividades, traballos, probas...	- Trae o material necesario. - Respecta as normas de realización das tarefas e o funcionamento da clase. - Mostra atención e implicación nas actividades e tarefas propostas. - Entrega as tarefas en tempo e forma. - Esfuerzo.
	5 pts	2 pts	3 pts
	50%	20%	30%

	PROCEDEMENTOS	CONCEPTOS	ACTITUDES, VALORES E NORMAS
2º E. P.	-Realización, dominio e resolución de tarefas e actividades.	-Comprensión e asimilación de contidos. -Participación, realización e execución de tarefas, actividades, traballos, probas...	- Trae o material necesario. - Respecta as normas de realización das tarefas e o funcionamento da clase. - Mostra atención e implicación nas actividades e tarefas propostas. - Entrega as tarefas en tempo e forma. - Esfuerzo.
	5 pts	2 pts	3 pts
	50%	20%	30%

3º E. P.	PROCEDEMENTOS	CONCEPTOS	ACTICITUDES, VALORES E NORMAS
	-Realización, dominio e resolución de tarefas, actividades e traballos.	-Comprensión e asimilación de contidos. -Participación, realización e execución de tarefas, actividades, traballos, probas...	- Trae o material necesario. - Respecta as normas de realización das tarefas e o funcionamento da clase. - Mostra atención e implicación nas actividades e tarefas propostas. - Entrega as tarefas en tempo e forma. - Esfuerzo.
	5 pts 50%	2 pts 20%	3 pts 30%

4º E. P.	PROCEDEMENTOS	CONCEPTOS	ACTICITUDES, VALORES E NORMAS
	<ul style="list-style-type: none"> Participación, realización, execución, dominio e resolución de tarefas, actividades, traballos e probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión e asimilación de contidos de carácter conceptual. Nivel de realización das tarefas, actividades, traballos e probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Trae o material necesario. Respecta as normas de realización das tarefas e o funcionamento da clase. Mostra atención e implicación nas actividades e tarefas propostas Entrega as tarefas en tempo e forma. Esfuerzo e interese por mellorar.
	5 pts 50%	2 pts 20%	3 pts 30%

5º E. P.	PROCEDEMENTOS	CONCEPTOS	ACTICITUDES, VALORES E NORMAS
	<ul style="list-style-type: none"> Participación, realización, execución, dominio e resolución de tarefas, actividades, traballos e probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión e asimilación de contidos de carácter conceptual. Nivel de realización das tarefas, actividades, traballos e probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Trae o material necesario. Respecta as normas de realización das tarefas e o funcionamento da clase. Mostra atención e implicación nas actividades e tarefas propostas Entrega as tarefas en tempo e forma. Esfuerzo e interese por mellorar.
	4 pts 40%	3 pts 30%	3 pts 30%

6º E. P.	PROCEDEMENTOS	CONCEPTOS	ACTICITUDES, VALORES E NORMAS
	<ul style="list-style-type: none"> Participación, realización, execución, dominio e resolución de tarefas, actividades, traballos e probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión e asimilación de contidos de carácter conceptual. Nivel de realización das tarefas, actividades, traballos e probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Trae o material necesario. Respecta as normas de realización das tarefas e o funcionamento da clase. Mostra atención e implicación nas actividades e tarefas propostas Entrega as tarefas en tempo e forma. Esfuerzo e interese por mellorar.
	4 pts 40%	3 pts 30%	3 pts 30%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos que se indican a continuación e achegándoseles a corresponde cualificación numérica de 1 a 10 e sen decimais:

INSUFICIENTE	SUFICIENTE	BEN	NOTABLE	SOBRESALIENTE
1 – 2 – 3 – 4	5	6	7 – 8	9 – 10

16.PROXECTO LECTOR:

Dende a área de Educación Física realizarase o fomento da lectura e da escritura mediante o tratamento e produción de información relacionada cos diferentes contidos conceptuais da área.

A partir de 3º e especialmente en 5º e 6º @s alumn@s terán que comezar a buscar, ler e comprender información para afondar nalgúns coñecementos relativos á Educación Física

HORA DE LER: AO IGUAL QUE NO RESTO DAS ÁREAS O PROFESORADO DA ÁREA DE ED. FÍSICA PARTICIPA ACTIVAMENTE NO DESENVOLVEMENTO DESTA ACTIVIDADE QUE SE REALIZA DIARIAMENTE EN HORARIO DE 11:30H. A 12:00H 2º, 3º E 5º NIVEL E DE 12:00H A 12:30H 1º, 4º E 6º NIVEL.

17. PLAN TIC:

Dende a nosa área potenciarase o uso de materiais e recursos relacionados coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación, Aula Virtual, páxina Web do centro, correo electrónico, Abalar móvil.... Co obxectivo de introducir e potenciar o uso das TIC's como un recurso máis.

Así no caso de ensino semi-presencial ou ensino non presencial serán a nosa principal ferramenta de traballo e comunicación co noso alumnado para así poder continuar con proceso de ensino-aprendizaxe. Pero tamén durante o ensino presencial faremos uso das mesmas para traballar contidos de carácter conceptual co alumnado.

18.PLAN DE CONVIVENCIA:

A área de Educación Física contribúe en gran medida ao desenvolvemento de experiencias relacionadas co plan de convivencia, xa que pola natureza das actividades da propia área reproducense continuamente situacións que se resolverán a partir da aprendizaxe e do dominio de actitudes básicas para a convivencia, o respecto, o diálogo, a solidariedade e a participación.

19.PROXECTO LINGÜÍSTICO:

A área de Educación Física no noso centro impártese en lingua galega, feito que resulta moi favorable xa que case na súa totalidade o alumnado usa o galego como lingua habitual. De todos xeitos o noso traballo vai encamiñado cara a manter a ambientalidade lingüística favorable.

No caso de alumnado de procedencia estranxeira ou mesmo no caso de alumn@s castela-falantes, con dificultades para o entendemento do galego, realizaranse as adaptacións lingüísticas necesarias para facilitarlles a comprensión e o progresivo dominio da lingua galega.

20. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

*** A realización das actividades complementarias e extraescolares que tradicionalmente se realizaban dende a área, para reforzar o proceso de ensino-aprendizaxe, quedarán a expensas da evolución da pandemia e das medidas sanitarias a cumprir en cada momento, polo que a decisión da participación ou non neste tipo de actividades será valorada conforme se vaia producindo a oferta das mesmas ao longo do curso.**

